



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 18 DE MARZO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se dispón o cesamento de José Vázquez Portomeñe como secretario xeral da Consellería de Traballo

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), para a posta en marcha de dúas unidades de atención a persoas con discapacidade e as súas familias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio marco de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a empresa *Nokia Spain, SAU*, para a normalización do galego no sector da telefonía móbil

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por contía de 5.018.215,06 euros correspondente á obra do Corredor de Brión-Noia, treito Brión-Martelo

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Chantada, para o acondicionamento de espazos públicos no municipio de Chantada



INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Actuación de emerxencia polo temporal *Klaus*. Conservación integral-Zona Norte, Lugo", por unha contía aproximada de 322.115,71 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Actuación de emerxencia polo temporal *Klaus*. Conservación integral-Zona Sur, Lugo", por unha contía de 219.619,62 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Actuación de emerxencia polo temporal *Klaus* en varias estradas da zona norte, en Lugo", por unha contía aproximada de 167.601,93 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Actuación de emerxencia polo temporal na estrada LU-723", por unha contía aproximada de 2.071.067,87 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Actuación de emerxencia polo temporal no camiño de servizo na VG 4.4, Lourizán (Pontevedra)", por unha contía aproximada de 177.381,40 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Actuación de emerxencia polo temporal *Klaus*. Conservación integral zona norte-A Coruña", por unha contía aproximada de 485.754,00 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Actuación de emerxencia polo temporal *Klaus*. Conservación integral-zona sur. A Coruña", por unha contía aproximada de 295.860,00 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Actuación de emerxencia polo temporal *Klaus* en varias estradas. A Coruña", por unha contía aproximada de 268.686,00 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Actuación de emerxencia na AC-862, p.q. 58+800 MD" por unha contía aproximada de 40.000,00 euros



- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Protección da torre da liña de alta tensión p.q. 2 + 240 e do depósito de abastecemento municipal de Xermade, p.q. 1 + 570 afectados polas inestabilidades dos noiros de desmonte das obras da autovía Ferrol-Vilalba. Treito: Cabreiros-Autovía do Cantábrico en Vilalba", por unha contía aproximada de 1.278.496,00 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do incremento de gasto en materia de obras públicas relativo á obra de emerxencia: "Execución de medidas correctoras da calidade das augas sobre os ríos Lavadoiro e Chamoselo, tributarios do Eume, provocadas polo material con alto contido en piritas posto ao descuberto polas obras da Autovía Ferrol-Vilalba. Treito: As Pontes-Cabreiros", por unha contía aproximada de 476.795,26 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Execución do selado dunha entulleira na AG-64, nos Airíos, As Pontes", por unha contía aproximada de 2.399.413,65 euros

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da contratación da obra de reparación de cubertas nas vivendas de promoción pública situadas en Felgasas e Vila da Igrexa, do Concello de Cerdido, na Coruña



A XUNTA DESTINA 200.000 EUROS Á POSTA EN MARCHA DE DÚAS UNIDADES DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS SÚAS FAMILIAS

- *A finalidade destas unidades é ofrecer unha atención integral, desde a proximidade, ás familias con nenos de entre 0 e 16 anos, prioritariamente entre 0-6 anos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta e a Asociación Galega de Atención Temperá, (AGAT) para a posta en marcha de dúas unidades de atención a persoas con discapacidade e as súas familias. A finalidade destas unidades é ofrecer unha atención integral, desde a proximidade, ás familias con nenos de entre 0 e 16 anos, prioritariamente en idades entre 0-6 anos, en situación de risco biolóxico ou psicosocial, motivado por unha discapacidade. Para o desenvolvemento deste programa o Goberno galego achegará 200.000 euros.

Os obxectivos específicos destas dúas unidades son prestar asistencia ás familias desde o seu contorno e crear espazos de intercambio de información, respecto ao tratamento, á dinámica no fogar e ás dificultades que poidan xurdir na atención a estes menores. Tamén, orientar, asesorar e dar apoio psicolóxico ás familias, así como prestar asistencia técnica aos centros educativos.

Para o desenvolvemento deste proxecto a Asociación Galega de Atención Temperá levará a cabo unha prospectiva de campo co obxectivo de determinar as dúas comarcas nas que se van desenvolver as unidades, valorando factores como poden ser os poboacionais, proximidade a outros recursos ou a previsión de demanda potencial. Ademais, encargárase de definir a carteira de servizos que prestará, así como as metodoloxías que se aplicarán en función dos grupos de idade, e deseñará tamén os protocolos de coordinación cos recursos educativos e sanitarios.



A XUNTA RENOVA O CONVENIO ENTRE POLÍTICA LINGÜÍSTICA E NOKIA PARA A IMPLANTACIÓN PROGRESIVA DO GALEGO NOS TERMINAIS COMERCIALIZADOS EN GALICIA

- *Este acordo, que renova o xa subscrito o ano pasado, inclúe tamén a opción idiomática do galego en produtos con pantallas interactivas, nos manuais do usuario e nas guías rápidas que se ofrezan en soporte electrónico*
- *A Secretaría Xeral facilitaralle á empresa asesoramento lingüístico e informará a cidadanía dos avances do galego neste sector*

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, a formalización dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a empresa Nokia Spain, S.A.U., para a normalización lingüística no sector da telefonía móbil. O acordo, que supón unha renovación do que xa se asinara en setembro do ano pasado, pasa a ser indefinido, e supón o afianzamento do compromiso desta empresa coa galeguización deste sector.

Nas estipulacións do convenio recóllense como actuacións que levará a cabo a empresa a implantación progresiva do galego nos seus terminais que se comercialicen en Galicia. Farase a través da inclusión da lingua galega como opción idiomática nos menús e aplicacións propias dos terminais. Así mesmo, Nokia incluírá progresivamente o galego noutros produtos tecnolóxicos que comercialice en Galicia e que dispoñan de pantallas interactivas, nos manuais de usuario e nas guías rápidas existentes en formato electrónico destes produtos, que se poderán descargar desde a web.

Asesoramento e información

A Secretaría Xeral de Política Lingüística facilitaralle á empresa asesoramento lingüístico na revisión terminolóxica das traducións. Ademais, comprométese a darlle apoio institucional a calquera iniciativa da empresa asinante que teña como finalidade a promoción da lingua e da cultura galegas. Ademais, o departamento autonómico incluírá todas as novidades deste ámbito na páxina web www.oteumobilengalego.com, na que se ofrece toda a información sobre a oferta de produtos deste tipo existentes no mercado que dispoñan da opción idiomática do galego, e na que se poden descargar as actualizacións dispoñibles.

O acordo aprobado hoxe polo Consello encádrase nunha serie de convenios entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e as principais empresas fabricantes e operadoras de telefonía móbil que prestan os seus servizos en Galicia. En breve está previsto renovar os convenios coas marcas Alcatel, Motorola, Samsung e Sony Ericsson, no sector de fabricantes, e coas operadoras Movistar, Orange, R, Vodafone e Yoigo.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 5 MILLÓNS NO CORREDOR BRIÓN-MARTELO PARA GARANTIR O SEU FUTURO DESDOBRAMENTO EN AUTOVÍA SEN AFECTAR O TRÁFICO

- *O treito forma parte do novo eixo de comunicacións entre a área de Compostela e o litoral de Muros e Noia, que acadan un investimento de 280 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de 5.018.215,06 euros por parte da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes destinados a garantir o futuro desdoblamento en autovía do treito Brión-Martelo (que se corresponde coa primeira parte do corredor Brión-Noia). Esta infraestrutura, que está en obras desde xaneiro do ano pasado, fora deseñada polo anterior goberno como unha “vía rápida” non preparada para o seu desdoblamento. O actual goberno autonómico modificou o proxecto de xeito que os desmontes, noiros e viadutos que se están a acometer, desde o punto de vista técnico, estarán deseñados para que no futuro este corredor poida ser desdoblado en autovía de forma sinxela, sen afectar o tráfico.

O treito Brión-Martelo é o primeiro treito do corredor Brión-Noia, unha infraestrutura de 18 quilómetros de lonxitude actualmente en execución que atravesa os termos municipais de Brión, Rois, Lousame e Noia. Este corredor –deseñado para o seu futuro desdoblamento en autovía- forma parte da rede de altas prestacións que enlazará a cidade de Santiago con Noia e que se completa coa autovía entre Santiago e Brión (aberta ao tráfico desde febreiro do ano pasado) e coa variante de Noia.

Este eixo de comunicacións que conectará a área de Compostela co litoral de Muros e Noia (integrado pola autovía Santiago-Brión, o corredor Brión-Noia, a variante de Noia e a mellora do trazado e capacidade entre Noia e Outes) acada un investimento total de 280 millóns de euros. Unha vez rematadas todas as obras, a nova infraestrutura suporá un elemento dinamizador para dúas comarcas que concentran unha importante actividade económica, social e turística.

Así mesmo, este novo eixo contribuirá a mellorar a calidade de vida e as condicións de seguridade viaria dos cidadáns que actualmente empregan a estrada autonómica AC-543, que rexistra unha elevada intensidade de tráfico.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 788.910 EUROS NO ACONDICIONAMENTO DE VARIOS ESPAZOS PÚBLICOS EN CHANTADA

- *Os espazos que serán obxecto de acondicionamento son os núcleos rurais de Costoira, Centulle, Outeiro de Mariz, Vilameá, o Adro do Mosteiro de San Salvador de Asma, a praza de Lama das Quendas xunto co contorno do Pavillón de Deportes e a o núcleo de Penasillas*

A Consellería de Vivenda e Solo inviste 788.910 euros no acondicionamento de varios espazos públicos no municipio de Chantada. O custo total desta actuación ascende a 986.138 euros dos que a Consellería de Vivenda e Solo achegará o 80% - 788.910 euros –e o 20% restante será achegado polo Concello.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello para a execución destas obras nos núcleos rurais de Costoira, Centulle, Outeiro de Mariz, Vilameá, o Adro do Mosteiro de San Salvador de Asma, a praza de Lama das Quendas xunto co contorno do Pavillón de Deportes e o núcleo de Penasillas.

En concreto, no núcleo de Costoira as obras consistirán na canalización e instalación de tubarías, construción dun pozo de rexistro, reforzo e reposición do firme, reposición dos peches afectados, pavimentación de rúas e instalación do conxunto da depuración.

Por outra banda, procederase ao enlousado en granito do contorno do Cruceiro de Centulle e colocación de lastros do camiño que cruza a praza, acondicionamento e axardinamento das prazas, en Outeiro de Mariz e Vilameá delimitación de zonas peonís con travesas de madeira e dotación de bancos de granito, e no Adro do Mosteiro de San Salvador de Asma procederase á demolición do monolito de ladrillo, plantación de céspede e colocación de lastros de acceso á Igrexa a través do Atrio.

En canto á Praza da Lama das Quendas e o entorno do Pavillón de Deportes, as obras consistirán na realización de terrazas en chanzos na praza para salvar o desnivel, pavimentación de beirarrúas e creación dunha franxa arborizada, reparación de firmes e recuperación da Alameda, construción dun pozo de rexistro, sinalización viaria e iluminación.

Por último, no núcleo rural de Penasillas procederase á recuperación das zonas verdes, creación dun espazo peonil, colocación de enlousado na explanada da Igrexa, colocación dunha base de pedra no peto das Ánimas, acondicionamento das zonas de tráfico rodado e colocación de enlousado arredor do cabazo.



A Consellería de Vivenda e Solo ten unha liña de axudas para a recuperación de contornos e a remodelación de espazos públicos entendidos como lugares integradores da vida cotiá, capaces de cohesionar a estrutura física e social dos núcleos urbanos e rurais.



A XUNTA DESTINA MÁIS DE CATRO MILLÓNS DE EUROS Á REPARACIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLO KLAUS EN VARIAS ESTRADAS DE GALICIA

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu conta ao Consello da Xunta de hoxe dun investimento de 4.048.087 euros destinado a reparar os danos causados polo ciclón *Klaus* en varias estradas das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra.

As actuacións levadas a cabo consistiron principalmente no corte e retirada de árbores tanto da calzada coma das marxes das estradas, limpeza de calzada, limpeza de gabias, retirada de restos de terra por desprendementos de noiros, substitución e reposición de elementos de seguridade viaria que resultaron danados (sinalización vertical, balizamento, barreiras de seguridade,...) e reparación de firmes.

Na provincia da Coruña a CPTOPT consignou un total de 1.090.300 euros a actuacións concretas nun total de 26 estradas, a meirande parte delas na zona de Ferrol. Así, foron obxecto de actuación as estradas AC-101 (As Pontes-Ortigueira), AC-102 (Felgosas-Esteiro), AC-110 (As Felgosas-Espiñaredo), AC-121 (Filgueiras-Roxal), AC-125 (Igrexafeita-Vista Alegre), AC-144 (Pontedeume-Ponte da Pedra), AC-151 (Campolongo-Montesalgueiro), AC-221 (San Pedro de Nós-Mabegondo), AC-231 (A Castellana-Sobrado), AC-240 (Burres-Ponte Ulla), AC-241 (Ponte Ulla-Ponte Veá), AC-305 (Padrón-Ribeira), AC-308 (Aguasantas-Noia), AC-418 (Carballo-Buño), AC-423 (Grilloi-Ponteceso), AC-524 (Ordes-Lanzá), AC-542 (Betanzos-Mesón do Vento), AC-543 (Santiago-Noia), AC-552 (A Coruña-Cee), AC-564 (Cabanás-As Pontes), AC-566 (Narón-Campo do Hospital), AC-840 (Betanzos-Límite provincia), AC-861 (Vilalba-Límite provincia), AC-862 (Ferrol-Límite provincia), AC-934 (Friol-Límite provincia) e AG-64 (Ferrol-Vilalba).

En Lugo o montante económico para a reparación dos danos do temporal ascendeu a 2.780.406 euros que abrangueron actuacións en estradas de toda a provincia, tanto da zona norte como da sur. Non obstante, a intervención máis salientable –que acapara xa algo máis de dous millóns de euros- foi a realizada na estrada LU-723 Pontes de Gatín-Límite da provincia de León. Nesta estrada produciuse o deslizamento da ladeira da marxe esquerda da estrada á altura do núcleo de Ponte Doiras, así como o derrubamento dun noiro de cachotería no punto quilométrico 0,620 que desembocou na caída dun terraplén sobre a calzada. Así mesmo, tamén esvarou outro noiro no punto quilométrico 19,420, que igualmente afectou a calzada. Polo tanto, nesta estrada houbo que desenvolver unha actuación específica co fin de estabilizar a ladeira de Ponte Doiras, así como outras para o resto dos noiros afectados.



Pola súa banda, na provincia de Pontevedra, destinouse un total de 177.382 euros a reparar os danos nun camiño de servizo na Variante de Marín (VG 4.4) á altura de Lourizán. Neste caso os traballos consistiron na limpeza e retirada de terras e outros materiais, na construción dun muro de entullo e na reposición do firme do camiño.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 1,2 MILLÓNS DE EUROS EN OBRAS COMPLEMENTARIAS DO TREITO CABREIROS-VILALBA DA AUTOVÍA FERROL-VILALBA

- *O treito é o último da autovía e actualmente presenta un grao de execución do 54 por cento*
- *As obras complementarias que se realizaron garanten a estabilidade dunha liña de alta tensión así como do depósito de abastecemento de augas de Xermade, próximos aos noiros de desmonte da autovía*
- *A nova autovía xa ten en servizo 43 dos seus 56 quilómetros totais entre Ferrol e Vilalba*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu conta ao Consello da Xunta de hoxe dun investimento de 1.278.496 euros co que se realizaron diversas reparacións e melloras complementarias nas obras da Autovía Ferrol-Vilalba no seu último treito, Cabreiros-Vilalba. Os traballos consisten na protección e estabilización dunha liña de alta tensión así como dun depósito de abastecemento de augas do Concello de Xermade que están próximos aos noiros de desmonte que se están a construír para a autovía. As obras supuxeron a instalación de elementos de drenaxe e a construción de muros de contención de pedra que dan estabilidade a ambos os elementos, garantindo así os ditos servizos públicos.

As obras do treito Cabreiros-Vilalba, que supoñen un investimento duns 40 millóns de euros aos que hai que engadir os 1,2 millóns autorizados hoxe, comezaron en outubro de 2007 e teñen un prazo de execución de 24 meses, polo que o treito estará operativo este outono. Actualmente as obras están executadas nun 54 por cento.

Este treito, que atravesa os concellos de Xermade e Vilalba, contará con enlaces en Cabreiros (punto quilométrico 0,200) e Cabodealdea (punto quilométrico 7,280) e disporá de 7 pasos superiores, 9 pasos inferiores e unha ponte sobre o río Trimaz. Os 13 quilómetros de lonxitude deste treito Cabreiros-Vilalba son os últimos que quedan en obras de toda a autovía, pola que xa se pode circular de xeito ininterrompido entre Ferrol e Cabreiros, ao longo de 43 dos seus 56 quilómetros totais.



A XUNTA INVISTE 176.442 EUROS NA REPARACIÓN DAS CUBERTAS DAS VIVENDAS PROTEXIDAS DE FELGOSAS E VILA DA IGREXA NO CONCELLO DE CERDIDO

- *O Consellería de Vivenda e Solo informou hoxe ao Consello da Xunta do inicio da tramitación para a contratación das obras polo procedemento de emerxencia*
- *O departamento autonómico realizou unha inspección que constatou o desprendemento das cubertas debido aos fortes ventos do temporal Klaus, acaecido a finais do mes de xaneiro, o que tamén provocou filtracións de auga ao interior das vivendas*

A Consellería de Vivenda e Solo inviste 176.442 euros na reparación das cubertas das vivendas protexidas de Felgosas e Vila da Igrexa no Concello de Cerdido, que sufriron graves danos tras os fortes ventos do temporal *Klaus*, acaecido a finais do mes de xaneiro.

A Consellería de Vivenda e Solo informou hoxe ao Consello da Xunta do inicio da tramitación para a contratación das obras de reparación polo procedemento de emerxencia, tras a realización dunha inspección por parte de técnicos da Delegación Provincial da Coruña que constataron a urxencia das obras. A Consellería contactou con varias empresas da zona que pola súa experiencia se consideran especializadas nas obras que se van acometer, estimándose necesario un orzamento total de 176.442 euros.

A inspección realizada polos servizos técnicos da Consellería constatou que o vento levantou practicamente a totalidade das tellas das cubertas, así como o perigo de caída á rúa das tellas e outros elementos que quedaron desprendidos, e a filtración de auga ás vivendas. Estes danos ocasionan unha grave perda das condicións de habitabilidade das vivenda se require unha pronta intervención para evitar o deterioración doutros elementos das vivendas pola entrada de auga.

Para solventar esta situación, a Consellería de Vivenda e Solo iniciará de inmediato as obras de reparación nas cubertas destas vivendas protexidas, tal e como se informou ao Consello da Xunta na súa xuntanza de hoxe.